



PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS  
PARA A CONTRATACIÓN DUNHA  
APLICACIÓN DE XESTIÓN INTEGRAL  
DOS SERVIZOS SOCIAIS DOS  
CONCELLOS DE VIGO e OURENSE FASE  
II

CONTRATACIÓN

15 de Xullo de 2010

ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

No ano 2009, contratouse o desenvolvemento e implantación dunha aplicación para a xestión integral dos Servizos Sociais dos Concellos de Vigo e Ourense, Fase I (Módulo Básico).

O Módulo Básico consistía na implantación de dous módulos:

- Módulo Padrón Único de Usuarios de Servizos Sociais.
- Xestión de Expedientes de Servizos Sociais.

Preténdese contratar a segunda fase ca implementación do resto dos módulos.

### **1.- OBXECTO DO CONCURSO:**

Contratación mediante procedemento aberto da Fase II da Modernización dos servizos sociais dos Concellos de Vigo e Ourense, que consiste nunha aplicación que enlazando cos módulos xa realizados na Fase I, de soporte integral a problemática dos servizos sociais municipais.

### **2.- CARACTERÍSTICAS DA APLICACIÓN:**

O ser unha segunda fase dun proceso xa iniciado, deberá utilizar as mesmas ferramentas de desenvolvemento, implantación e Base de datos que na Fase I, polo tanto deberá rexirse polas seguintes normas:

- Ferramenta de desenvolvemento ONTIMIZE

O desenvolvemento realizarase en base a estándares e código aberto (JAVA, XML..).

O repositorio de datos será unha Base de Datos relacional e independente do motor utilizado, accesible vía ODBC ou JDBC. Tendo en conta a posible instalación noutros Concellos darase relevancia a que admita as BD de software libre (MySQL, PostgreSQL...), e que admita tamén as comerciais (Informix, SQL Server, Oracle...), a

instalación para o Concello de Vigo será sobre Informix e sobre Oracle no Concello de Ourense.

Cumprirá os requisitos de seguridade, confidencialidade, protección de datos e accesibilidade que esixe a lexislación vixente.

Estará dispoñible nos idiomas oficiais da Comunidade, galego e castelán.

Terá conectores con outras aplicacións municipais como o PMH (Padrón Municipal de Habitantes), a Xestión de Expedientes de Vigo e Ourense (CIVITAS) , LocalGIS, e a Web Municipal, a fin de facilitar a consulta e tramitación de solicitudes a través de Internet, e a realización de mapas temáticos.

Permitirá a trazabilidade tanto a nivel de expediente como de cidadáns.

O sistema deberá funcionar en plataformas Windows e Linux indistintamente, de maneira que será funcional e tecnoloxicamente compatible coas necesidades doutros Concellos, independentemente dos sistemas informáticos que utilicen e sexan ou non da Comunidade Autónoma.

Deberá importar tódolos datos existentes das Aplicacións actuais de Benestar Social, que alimentarán os datos de cada módulo.

Poderán definirse varios tipos de usuarios según as funcións encomendadas.

A aplicación conectará con diversas aplicacións do Concello para obter e exportar datos.

Da aplicación de expedientes obterá as solicitudes que se refiran a Benestar Social, integrándose directamente no módulo correspondente segundo a solicitude, e informará a esta da evolución que se vai realizanso na Aplicación de Servizos Sociais mediante a xeneración automática de trámites.

Interaccionará así mesmo ca Aplicación do PMH, para obter información necesaria na tramitación, e así con todas aplicacións de xestión que poidan aportar datos para non pedir os cidadáns datos que xa están en poder das Adminstracións Públicas.

A Aplicación alimentará de xeito automático a parte da Web municipal de Servizos Sociais, para consulta dos usuarios, esta alimentación poderase facer de xeito mais sinxelo a través da Aplicación de Xestión de Expedientes, que xa posúe un conector directo ca Web municipal.

Poderanse definir de xeito sinxelo, os datos que os solicitantes dos Servizos Sociais poderán consultar desde a Web do Concello.

A aplicación conectará cas Aplicacións de Servizos Sociais da Comunidade Autónoma, neste desenrolo farao ca CA. Galega, seguindo os estándares que estas fixen no intercambio de datos.

### **3.- MÓDULOS QUE COMPOÑEN A APLICACIÓN**

#### **3.1.- MÓDULOS BASICOS QUE FORON OBXECTO DO CONCURSO NA FASE I:**

##### **3.1.1.-Módulo Padrón Único de Usuarios de Servizos Sociais.**

Defínese un Padrón Único de Usuarios de Servizos Sociais que garante a coherencia dos datos e permita asegurar a trazabilidade a nivel de expediente e solicitante do servizo.

Este padrón (PUSS) estará conectado co Padrón Municipal de Habitantes (PMH) co fin de evitar un traballo redundante á hora do alta de persoas nese padrón para, por exemplo, crear un novo expediente. Isto reducirá nunha porcentaxe importante as posibilidades de erro na transcripción dos datos así como ter que teclear unha información da que xa dispón o Concello.

##### **3.1.2.-Xestión de Expedientes de Servizos Sociais**

É o módulo principal, a porta de entrada de todas as vertentes dos servizos Sociais, que utilizarán tanto os profesionais (traballadores Sociais) como o persoas de apoio e auxiliar de Atención Primaria (AP).

Mediante este módulo consultase a historia nos Servizos Sociais (HSS) de calquera cidadán. Todo cidadán que sexa obxecto de calquera xestión ou intervención nos Servizos Sociais, xa sexa en Atención Primaria como en calquera das outras vertentes (Inmigración, Plan de Inclusión, Actividades de 3ª idade, etc.) terá o seu expediente de servizos Sociais (ESS).

Será a ferramenta de traballo en Atención Primaria e permitirá a creación de novos expedientes e/ou consulta dos existentes, necesaria para a atención diaria ao público.

#### **3.2.- MÓDULOS A INCORPORAR NA SEGUNDA FASE, OBXECTO DESTA CONCURSO:**

Estes módulos deberán ser desenvolvidos nas mesmas ferramentas e sobre a mesma Base de datos definida na primeira fase, e estarán totalmente integrados na aplicación desenvolvida nesa fase.

##### **3.2.1.-Módulo de Axudas Económicas**

Este módulo será o encargado da xestión do programa municipal de Axudas Económicas cuxa finalidade é a axuda puntual e urxente a

persoas e familias desfavorecidas.

### **3.2.2.-Módulo Axudas Municipais Escolares (AMES)**

Anualmente ábrese a convocatoria de Axudas Municipais Escolares ca finalidade de que as persoas que o requiran soliciten axudas económicas tanto para a compra de libros de texto como para a utilización por parte dos seus fillos dos comedores dos diferentes centros escolares.

Isto supón un número moi importante de solicitudes que hai que xestionar con este módulo en base aos criterios establecidos na convocatoria.

Estará relacionado co módulo anterior para a execución das axudas.

### **3.2.3.-Módulo de Programas de Migracións**

A finalidade deste módulo é a de xestionar todos os procesos e xestións que os Servizos Sociais levan a cabo con persoas inmigrante ou emigrantes retornados.

Nalgúns casos son xestións que requiren exclusivamente a actuación do equipo de Emigración mentres que noutros é ademais necesaria a derivación a Atención Primaria.

### **3.2.4.-Módulo de Servicio de Axuda no Fogar (SAF)**

A funcionalidade do presente módulo será a de xestionar todos os aspectos relativos ao Servizo de Axuda no Fogar para persoas dependentes ou non.

### **3.2.5.-Módulo de TeleAsistencia**

A funcionalidade deste módulo será a de xestionar todas as solicitudes de Teleasistencia realizadas polos cidadáns ou os seus familiares. Estas solicitudes levan unhas puntuacións en base a unha serie de parámetros.

### **3.2.6.-Módulo de Residencias Xerontolóxicas**

Os usuarios ou os seus familiares realizan as solicitudes de ingreso nas residencias xerontolóxicas con Convenio en vigor co Concello. Loxicamente o número de prazas é limitado e iso fai necesario que este módulo xestione todas esas solicitudes.

### **3.2.7.- Módulo de Programas de Inclusión Social**

Xestionará os seguintes colectivos:

- Persoas que pernotan nos dispositivos de emerxencia.
- Pisos VIA.
- Programa SEREOS.

### **3.2.8.-Módulo de Plan Inclusión**

A función deste módulo será a xestión de todo o servizo de Plan de Inclusión cuxo obxectivo é reinserir no circuíto laboral ás persoas que se viron desfavorecidas por diferentes circunstancias e non son capaces de volver entrar no circuíto.

### **3.2.9.- Módulo de drogodependencias:**

Persoas con atención individualizada en CEDRO.

### **3.2.10.- Módulo do Programa de discapacitados:**

-Bonotaxi.

-Verán de lecer.

-Sábados dinámicos.

### **3.2.11.- Módulo de dependentes:**

Para persoas con dependencia.

-Seguimento do Plan Individual de Atención.

-Axenda de visitas.

-Informes anuais.

### **3.2.12.- Módulo de Programas de maiores.**

Os Servizos Sociais realizan unha serie de actividades encamiñadas ao "envellecemento activo" dos cidadáns. A funcionalidade do presente módulo será a de xestionar todas elas incluíndo o proceso de selección para as mesmas así como a xestión administrativa e as comunicacións cos interesados.

### **3.2.13.-Módulo de Cita Previa**

Habilitar un punto único de comunicación co cidadán á hora de pedir cita para ser atendido por un traballador social. Independentemente de se o cidadán chama ao Concello, a calquera das UTSS, ou o realiza a través de Internet, poderá obter unha cita.

### **3.2.14.-Módulo de Infancia e Familia**

A función do presente módulo é poder levar a cabo polos psicólogos dos servizos Sociais o seguimento familiar no que se vexan implicados menores para evitar situacións de desarraigamento.

### **3.2.15.- Módulo de Integración ca aplicación desenvolvida na Fase I.**

Este módulo integrará nunha sola os desenvolvementos realizados nas dúas fases. Será transparente ós usuarios.

### **3.2.16.- Módulo de integración da Telefonía có PUSS.**

Sistema que identifica o número telefónico da chamada accedendo os datos do PUSS, mostrando a información do solicitante.

Derivación automática ou manual á Traballadora Social correspondente, incorporando información do PUSS.

Procesa mensaxes de móbil con código de mensaxe para diversas solicitudes.

### **3.2.17.- Módulo de Integración cas Aplicacións de Servizos Sociais doutras Administracións:**

Integrarase cas aplicacións de Servizos Sociais da Xunta de Galicia GRESS, SIUSS, Módulo de Inclusión, módulo de inmigración, ...etc, enviando os datos nos formatos requeridos para os tratamentos solicitados pola Xunta.

### **3.2.18.- Módulo de importación e validación de datos:**

Este módulo, será o que realice a migración de tódolos datos relacionados ca aplicación dos servizos sociais, dos Concellos de Vigo e Ourense, alí donde se atopen en formato electrónico, á nova ferramenta desenvolvida mediante este concurso.

Esta migración deberá ser coidadosamente estudiada, planificada e realizada, ca cooperación necesaria dos servizos de Benestar Social na definición e localización dos datos e na validación dos resultados obtidos.

### **3.2.19.-Módulo de seguridade:**

Este módulo, dado o nivel de protección dos datos introducidos, é de gran importancia, e debe de ser realizado de xeito independente, e encargarse do cumprimento de tódalas normas de protección de datos esixidos pola Axencia de Protección de Datos.

### **3.2.20.- Módulo de Integración cas aplicacións internas:**

Será o módulo encargado de integrar a Aplicación de Servizos Sociais, co resto das Aplicacións do Concello. Este módulo recibe as solicitudes desde a Aplicación, e devolve os resultados das consultas.

Integrarase cas seguintes aplicacións:

-Padrón de Habitantes: Control de empadramento, Membros da unidade familiar, Domicilio... etc.

-Xestión tributaria: Bens da unidade familiar, Bonificacións, Vehículos, Resposta a consultas desde XT.

-Xestión de Expedientes : Carga das solicitudes, Expedientes colectivos, Información á XE da evolución do expediente... etc.

-Recadación : Deudas co Concello...etc.

-Contabilidade : Pagos

-LocalGis: Mapas temáticos en función das demandas ós servizos sociais.

### **3.2.21.- Módulo de estadísticas:**

Este módulo dará resposta as necesidades de información estatística, e de consulta. Deberá ser un módulo que facilite ós xestores dos servizos sociais xerar consultas e estatísticas diversas, actuando sobre as tablas da aplicación de xeito simple e entendible para persoal non informático.

### **3.2.22.- Módulo de Integración con outras Aplicacións da Administración Autonómica ou do Estado:**

Solicitará das distintas administracións os datos en poder das mesmas necesarios para a tramitación dos expedientes:

-Seguridade Social : Vida laboral...

-Facenda : Certificacións de IRPF, de alta no IAE...

-Outras Administracións..

## **4.- EQUIPO DE DESENVOLVEMENTO**

O adxudicatario nomeará un equipo para o desenvolvemento do sistema, que se comporá alomenos do seguinte persoal:

-1 Director e coordinador do equipo,

-Persoal de desenvolvemento : 4 analistas programadores.

-2 Técnico de Sistemas para a implantación, migración e posta en marcha da aplicación.

Ás ferramentas que utilice no desenvolvemento da Aplicación, e que

posteriormente poderán ser utilizadas polo persoal informático dos Concellos, serán ás utilizadas na fase I. Valorarase que ás ferramentas non teñan coste para o Concello.

Por parte de cada Concello, nomearase un coordinador do Sistema cas funcións de:

-Será o encargado da relación entre a empresa adxudicataria e o Concello.

-Xestionará as reunións entre o persoal da empresa e os distintos negociados de Benestar Social para a análise dos módulos que compoñen o Sistema.

-Deberá validar as análises funcionais de cada módulo presentadas polo adxudicatario.

-Será o responsable de dar a súa aprobación ós resultados de cada módulo.

-Controlará e validará a migración de datos para o novo sistema.

O coordinador nomeado polo Concello de Vigo, será o Coordinador Xeral do Sistema.

## **5.- PROPIEDAD DOS TRABALLOS:**

O ser un proxecto en cooperación entre os Concellos de Vigo e Ourense, financiado polo MIYC, e que posteriormente o MITYC pode distribuílo gratuitamente a outros Concellos, o adxudicatario deberá ceder os resultados do proxecto (código e documentación técnica asociada) baixo licenza de uso de código aberto, ó Concello de Vigo e á entidade que cofinancia o proxecto, entregando estes nun formato electrónico estándar, co obxecto de facilitar o seu tratamento e reprodución para uso interno e co obxecto de que este poda cumprir cos compromisos establecidos coa entidade cofinanciadora.

Esto obriga o adxudicatario a entregar o Concello de Vigo, como líder do proxecto, toda a documentación e os programas fonte do Sistema, así como a documentar os procesos de implantación, migración de datos e posta en funcionamento do mesmo.

O Xefe de Administración Electrónica

(P.A.) Asdo. Antonio Villanueva Guimeráns.